

**PLAN ANUAL
INTEGRACIÓN DAS
TICS/E-DIXGAL**

**CEIP EDUARDO ÁVILA
BUSTILLO**

2023-2024

A introdución das TIC na escola moderna é considerada unha das máis importantes no proceso educativo, de xeito que a adquisición do noso alumnado e das familias na súa xestión parece ser realmente importante. Na escola usamos unha gran variedade de estratexias e actividades que teñen coma obxectivo a consecución destas habilidades.

Ademais, as mestras deben posuír os coñecementos necesarios no uso deste tipo de recursos para iniciar estas actividades e garantir unha asimilación axeitada polos nenos e nenas do noso centro, xa que estamos situados nunha zona rural.

Este curso 2023/2024 seguimos contando no centro co proxecto E-Dixgal, polo que o alumno de 5º de Primaria traballará dun xeito máis intensivo coas TIC.

Tanto as familias, o alumnado, coma o profesorado coñecerán as plataformas de traballo (EVA-EDIXGAL, Aula Virtual, Cisco WEBEX, ABALARmóbil) e farán uso delas, sendo de vital importancia as simulacións periódicas.

Non obstante, o resto do alumnado tomará partido en diferentes tipos de actividades para potenciar o uso dos medios dixitais.

Distribución do material:

- Un ordenador en dirección.
- Dous ordenadores na sala de mestras.
- Tres pizarras dixitais e tres proxectores; unha nunha aula de Educación Primaria, outra na Biblioteca, outra na aula de música e a última no ximnasio.
- Dous paneis dixitais interactivos (un na aula E-Dixgal e outro na aula de Educación Infantil).
- Un ordenador portátil para o uso de cada mestra.
- Un ordenador portátil na biblioteca.

- Ordenadores portátiles persoais do alumnado dentro de proxecto E-Dixgal.

Actividades:

As actividades durante o ano lectivo terán un carácter realista e de posible execución en todo momento, tendo en conta as capacidades dos nosos alumnos/as. Estas son as seguintes:

- Webs de búsqueda: esta é unha ferramenta que forma parte dun proceso de aprendizaxe guiada, con fondos sobre todo a partir da internet, que promove o uso de habilidades cognitivas superiores, traballo cooperativo, autonomía do alumnado e inclúe unha avaliación auténtica. Os nosos alumnos/as buscarán en páxinas web unha información requirida en relación a temas dados na clase, información que é necesaria atopar para completar o contido. Estas páxinas web serán coidadosamente seleccionadas e controladas pola mestra.
- Proxeccións de dramatizacións: esta actividade estará ligada á área de ensino do idioma inglés e está baseada na gravación de dramatizacións para aplicar o uso da lingua estranxeira en situacións que simulan a realidade. A través desta actividade os nosos alumnos/as poñen en práctica a máis importante das avaliacións, a coñecida como autoavaliación, mediante a visualización das súas propias interaccións na actividade.
- Pizarra dixital: unha das mellores e máis modernas ferramentas na actualidade. Con ela, na nosa escola, realizaranse actividades no ámbito do ensino do inglés como, por exemplo, a identificación de frases ou palabras en vídeos musicais nesta lingua. Tamén se aplicará en educación artística, na materia de música para o visionado de vídeos e obras musicais, musicogramas e partituras, aprendizaxe de danzas e outras actividades. Na materia de plástica para o visionado de

propostas artísticas relacionadas co mundo da historia da arte e o coñecemento de diferente técnicas pictóricas.

- Biblioteca: algúns contos e material de poesía serán pasados a formato dixital así como o seu visionado usando o ordenador despois da súa lectura, cunha clara finalidade, comparalos. O alumnado fara uso da pizarra dixital e as TIC's para levar a cabo as actividades derivadas das dinamizacións de biblioteca como poidan ser “roscos de pasapalabras”, puzzles virtuais, sopa de letras virtuais, etc.

Titorías:

A nivel aula, cada titora será responsable de integrar as TIC progresivamente nos cursos máis baixos, a través das actividades propostas. O alumno de 5º de Educación Primaria traballará co libro dixital de forma habitual. Faranse actividades individuais e colectivas en función das necesidades da materia a traballar, implicando unha necesaria competencia dixital das mestras. A través de grupos de traballo e seminarios (dentro do itinerario do Plan Dixital do PFPP) o claustro de mestras reciclarase en materia de novas tecnoloxías.